

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36, - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano 6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XIV



25 de Xulio do 1930



Núm. 274

AO DECORREL-OS DIAS

Un novo «Día de Galicia». O día grande da Patria. O día símbolo de festa nacional que teñen todol-os pobos.

Os pobos libres, non mediatizados, adoitan a celebrar o seu día con grandes festas de explosión patriótica. Para os que aínda non son por inteiro donos dos seus destinos siñifican estas datas supremas arelas de renovación, de liberación e pensamentos xenerosos voando en procura do porvir. Pombiñas mensaxeiras portadoras de ideas de amor, de libertade.

Fai sete anos que en Galicia o día de hoxe viña celebrándose únicamente na comunión espiritual dos bós e xenerosos. Non podía exteriorizarse e os latexos do corazón ofrendados no altar da Patria eran cinguidos e coutados pol-o xugo alleo.

Mais como as boas ideas e os pensamentos sanos teñen máis poderío que a forza bárbara, os días no seu decorrer foron poñendo as cousas no seu lugar e este ano xa o día de hoxe pode ter, anque non toda a que lle corresponde, mais libre expansión e públicamente pode facerse algunha exteriorización do seu siñificado.

A nosa bandeira, cos seus côres de pureza branco e azur, flameará aovento en moitos currunchos da nosa terra decindo ao mundo que aquí hai un pobo, unha raza que cobiza lle sexan reconoscidas por inteiro as suas prerrogativas como tal pobo e raza.